XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEDOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintedous de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MERCA DE TERREOS.**.-
Apróbase a adquisición directa, pola imposibilidade de concurrencia na licitación, das seguintes fincas

- Finca sita no Lugar de Aceñas-O Ponto, cunha superficie, de 2418 m2, esta finca foi reducida tras unha expropiación do Ministerio de Fomento, tendo unha superficie actual segundo o Ministerio de Facenda de 1.892 m2, sendo os seus lindes os seguintes: N e Este: ribeiramar; Sur: Josefa Romero Vazquez e Oeste: camino de serventío que a separa do muíño das Aceñas.
- Finca sita no Lugar do Ponto, cunha superficie de 2545 m2, esta finca foi reducida tras unha expropiación do Ministerio de Fomento, tendo unha superficie actual segundo o Ministerio de Facenda de 606 m2. Linda N. Herdeiros de Francisco Vazquez; Sur: Andrés Pantin e outros; Este: ribeiramar e Oeste Herdeiros de Antonio Rodriguez.

Polo importe de VINTEUN MIL CENTO CORENTE E OITO CON VINTE EUROS (21.148,20 EUROS)

3 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ANO 2016.**.-
Vista a proposta formulada que di asi: Visto o informe proposta emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e Patrimonio, que literalmente transcrito di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, a tal respecto se formula o seguinte informe proposta

A) ANTECEDENTES

O Concello Pleno en data 28-01-2016 aprobu o cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2016.

O devandito cadro foi publicado no BOP nº 39 de 29-02-2016.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Artículo 91.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL)
2. Artículo 128.1 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local (TRRL) remiten, en cuanto a la aprobación de la Oferta de Empleo Público, a la legislación básica del Estado en materia de función pública.
3. Artículo 70 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (EBEP).
4. Artigo 20 da Ley 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.
5. Artículo 34 del Reglamento de la Relación de Puestos de trabajo del Ayuntamiento de Narón aprobado por el Ayuntamiento Pleno de fecha 28 de enero de 2011

C) INFORME PROPOSTA

Á vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, se emite o seguinte informe proposta

PRIMEIRO.- Aproba-la oferta pública de emprego da corporación para o ano 2016 coa relación de vacantes dotadas presupostariamente que se detallan.

SEGUNDO.- A selección de persoal efectuarase mediante convocatoria pública, polos sistemas de oposición, concurso-oposición ou concurso, que se determinará nas bases da convocatoria, garantíndose os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

TERCEIRO.- As bases das convocatorias para prove-las prazas someteranse á aprobación da Xunta de Goberno Local, concretándose nas mesmas as condicións e requisitos dos aspirantes, programas e exercicios das mesmas, publicándose no BOP e no DOG .

CUARTO.- As prazas corresponden 7 á promoción interna e 2 a consolidación de emprego para persoal laboral temporal.

QUINTO.- Na presente oferta de emprego público clasifícanse as prazas de funcionarios segundo os grupos previstos no artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e as de laborais segundo o artigo 22.1 do Estatuto dos Traballadores.

Nº PRAZAS	GRUPO	DENOMINACIÓN
1	A1	HISTORIADOR-ARQUIVEIRO-ARQUEOLOGO
1	A2	TECNICO XESTION
1	A2	TECNICO GRADO MEDIO DOCENTE
3	C1	ADMINISTRATIVO
1	C2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO
1	LV	AUXILIAR ADMINISTRATIVO
1	LIV	ADMINISTRATIVO

As prazas correspondes ós seguintes grupos:

Grupo A1- Clasificación: Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica superior. Número de vacantes 1. Denominación: Historiador-Arquiveiro-Arqueólogo

Grupo A2- Clasificación: Escala de Administración Xeral. Subescala: Xestión. Número de vacantes 1. Denominación: Técnico de xestión.

Grupo A2- Clasificación: Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica. Número de vacantes 1. Denominación: Técnico grado medio docente.

Grupo C1 Clasificación: Escala de Administración Xeral. Subescala: Administrativa. Número de vacantes 3. Denominación: Administrativo.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Grupo C2- Clasificación: Escala de Administración Xeral. Subescala: Auxiliar. Número de vacantes 1. Denominación:Auxiliar administrativo.
Gruipo LV.- Denominación: Auxiliar Administrativo.
Grupo LIV.- Denominación : Administrativo."
Fiscalizado en desconformidade pola interventora xeral do Concello en data 16-12-2016, documento INT10I1B1.
Visto o informe emitido pola Xefe de Servicio de RR.HH. en data 21-12-2016, documento PER10I2XS, o concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:
Aproba-la proposta transcrita nos seus propios termos.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- **PROPOSTA DE APROBACIÓN DE GASTO RELATIVO Á PROBA DEPORTIVA XXXI MEMORIAL ADOLFO ROS- VOLTA Á RÍA- NEDA 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 22 de novembro de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

"De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto formúlase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

Logo de ver o Preacordo asinado entre os Delegados de Deportes dos Concellos de Neda, Fene, Ferrol e Narón en data 21 de outubro de 2015, onde aprobouse as cantidades a aportar por cada Concello así como diversos apartados do Regulamento Xeral da Proba Deportiva XXX Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría que celebrouse en Narón o 13 de decembro de 2015.

Logo de ver que o Concello Pleno de data 26 de novembro de 2015 aprobou o Convenio de Colaboración entre os concellos de Neda, Fene, Ferrol e Narón.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local del Concello de Neda de data 17 de outubro de 2016, no que comunican con data 02-11-2016 a este Concello a cantidade a aportar polo Concello de Narón.

Visto que no Orzamento de 2016 figura a partida 10-34100-46200 – Transferencias outros Concellos, dotada coa cantidade de 4.198,16 €.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Acordo do Concello Pleno de data 26-11-2015

C) INFORME-PROPOSTA

A vista dos antecedentes expostos nos apartados anteriores, emítese a seguinte proposta:

- Aprobar o gasto de 4.198,16 €, para facer frente, o Concello de Neda dos gastos da proba deportiva XXXI Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría – Neda 2016, no concerniente á aportación que lle corresponde ó Concello de Narón.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Narón, 22 de novembro de 2016

O Administrador-Xerente
do Servizo de Deportes

Rafael Flores Veiga

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Visto que a Intervención Xeral en data 13 de decembro, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 22 de novembro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015 **PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

- **Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.**

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTAS DE APROBACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ASPANEMI E COA ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS ANO 2016.**.- Vistas as propostas formuladas que din asi:

PROPOSTA PRIMEIRA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 13-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1E4), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía (ASPANEMI), en materia de Promoción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:
O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con nenos e nenas con minusvalía.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de nenos e nenas con minusvalía.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

ASPANEMI é unha entidade acreditada na materia a nivel comarcal na atención aos nenos e nenas con minusvalía e ás súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver. Esta entidade pretende axudar aos pais a asumir a situación que se lles presenta ao ter un fillo con esta problemática, e ao mesmo tempo, traballar con estes nenos/as desde o momento en que se lles detecta a minusvalía para poder desenvolver as súas capacidades.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2209/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*

- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía (ASPANEMI), en materia de Promoción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 1.500,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 1.500,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2209/16."

Logo de ver o informe de intervención (doc INT10I0Y6),fiscalizando de conformidade en data 15-12-2016,a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 13-12-2016 (doc SSO10I1E4), deixando constancia da advertencia

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

contida no informe de fiscalización .Todo elo sen prexuízo de que por parte da Tesoureria Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Promoción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO .- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA SEGUNDA .- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 14-12-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1EX), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa entidade Asociación Sociocultural de Minusválidos, en materia de Promoción e Acción Social.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo o programa de atención a persoas con discapacidade para traballar con persoas afectadas de diversidade funcional.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social do colectivo de persoas afectadas por diversidade funcional.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo co que traballamos e a falta de entidades especializadas en traballar nel e que conten con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

A Asociación Sociocultural ASCM é unha entidade sen ánimo de lucro, acreditada na materia a nivel comarcal na atención ás persoas con diversidade funcional e ás súas familias, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver. Esta entidade leva funcionando na comarca desde o ano 1987 e ten como obxectivo a plena integración das persoas con discapacidade, a través dos servizos que ofrece: formación, información, integración laboral, transporte adaptado, accesibilidade, deporte adaptado, e educación.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2204/16

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN E ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Asociación Sociocultural de Minusválidos, en materia de Promoción e Acción Social, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016, por importe de 15.000,00€

2ºAprobar o gasto derivado do referenciado convenio por importe de 15.000,00€ con cargo á aplicación Orzamentaria 13/23103/48000 operación contable RC/2204/16"

Logo de ver o informe de intervención (doc ICO10I05X),fiscalizando de conformidade en data 15-12-2016,a proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 14-12-2016 (doc SSO10I1EX), deixando constancia das advertencias contidas no informe de fiscalización .Todo elo sen prexuízo de que por parte da Tesoureria Municipal se verifique a existencia ou non de débedas co concello con carácter previo ao seu pagamento; A Concelleira delegada en materia de Promoción e Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

6 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL: B 24/15; B 27/15; B 28/15; B 29/15; E B 30/15.**.- Dase conta de diversas resolución aprobando cargos de protección civil por servizos prestados.

7 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL: B 32/15; B 33/15; B 34/15; B 35/15; B 36/15; B 37/15, B 39/15 .**.- Dase conta de diversas resolución aprobando cargos de protección civil por servizos prestados.

8 **.- PROPOSTA DE APROBACION DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO NA ACTIVIDADE DE ESCOLA DE MUSICA MODERNA DO MES DE DECEMBRO DE 2016**.-

Se aproba o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario na actividade de escola de música moderna correspondente ao **mes de decembro do ano 2016**, cun importe de 154,85 euros e 19 usuarios.

De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 22 de decembro de 2016 ata o 22 de febreiro de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemente Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Proceder ao cobro, por vía telemática a través do Caderno 19, dos recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados.
Os recibos non domiciliados poderán ingresarse na caixa do Concello ou en calquera oficina da entidade colaboradora, empregando os instrumentos de ingreso (recibos), que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

9 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRON DE CONTRIBUINTES POR AUGA, SANEAMENTO, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 4º TRIMESTRE DO ANO 2016 E DA RELACIÓN DE ALTAS E BAIXAS NA TAXA DE LIXO NO MES DE NOVEMBRO DE 2016**.-
Acórdase

Primeiro: Aprobar a relación de altas e baixas da taxa de recollida de refugallos sólidos urbanos, do mes de novembro de 2016, cun total de 44 altas e 52 baixas.

Segundo: Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2016, cos seguintes importes:

AUGA..... 414.949,26 euros
SANEAMENTO..... 240.545,87 euros
CANON DE AUGA ..... 144.625,84 euros
ALUGUER DE CONTADOR..... 8.579,21 euros
IVE ..... 67.381,66 euros
LIXO..... 702.597,16 euros
TOTAL ..... 1.578.679,00 euros

Terceiro: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 2 de xaneiro ata o 2 de marzo de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Cuarto: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Sexto: A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico- administrativa perante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10 **.- PROPOSTA DE APROBACION DO PADRON FISCAL DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO NA ACTIVIDADE DE ENVELLECEMENTO ACTIVO DO MES DE DECEMBRO DE 2016**.- Se acorda:

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario, correspondente ao **mes de decembro do ano 2016**, cun importe de 3.365,95 euros e 413 usuarios.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 02 de xaneiro ata o 02 de marzo de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemente Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: Proceder ao cobro, por vía telemática a través do Caderno 19, dos recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados.

Sexto: Os recibos non domiciliados poderán ingresarse na caixa do Concello ou en calquera oficina da entidade colaboradora, empregando os instrumentos de ingreso (recibos), que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

11 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CORRESPONDENTE Á TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO (PROMEDEX) DO MES DE DECEMBRO DE 2016**.- Se acorda:

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (PROMEDEX), correspondente ao **mes de decembro do ano 2016**, cun importe de 513,45 euros e 63 usuarios.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 02 de xaneiro ata o 02 de marzo de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemente Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: Proceder ao cobro, por vía telemática a través do Caderno 19, dos recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados.

Sexto: Os recibos non domiciliados poderán ingresarse na caixa do Concello ou en calquera oficina da entidade colaboradora, empregando os instrumentos de ingreso (recibos), que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE	O SECRETARIO XERAL
Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ	Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es